

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



XXXXXX



Nivel Medio 👉👉



POLOS CREATIVOS

KS-R3-Automatismos Rob Ives
Radar voante

Actividade elaborada coa colaboración de Rob Ives

Automatismos 3

Morcego

Achega

- Tesoira
- Coitelo de precisión
- Plóttter de corte (alternativa)
- Pegamento
- Modelos fotocopiabables

Indaga

Os automatismos forman parte da nosa vida cotiá, facilitando tarefas e optimizando procesos. Entre eles, as máquinas simples xogan un papel fundamental e proporcionan solucións eficientes para diversas necesidades. É interesante realizar preguntas que nos permitan comprender mellor o funcionamento destas máquinas.

- Como o morcego pode subir e baixar?
- É quen de mover as ás de xeito independente?
- O movemento iníciase na manivela, pero como chega ata o morcego?
- Unha curiosidade fascinante sobre os morcegos é a súa capacidade de utilizar a ecolocalización, un fenómeno natural que inspirou á tecnoloxía dos radares empregada na nosa sociedade actual.



Segue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Precisarás o código alfanumérico para desbloquear o arquivo.

